



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Instituto de Educación Secundaria "Virxe do Mar"

Avda. Rosalía de Castro, 1
15200 NOIA (A Coruña)
Tel.: 881 866 831 - Fax: 881 866 836
ies.virxedomar.noia@edu.xunta.es



SORTEO PÚBLICO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09/2024), realizarase próximamente neste centro a renovación do CONSELLO ESCOLAR, que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do centro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto, e estará integrada por:

- A Directora do centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titular legal.
- Un alumno ou alumna.
- Un representante do persoal non docente.

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase na aula Álvaro de las Casas deste Centro o próximo **18 de outubro ás 12:25 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que se farán públicas unha vez constituída a Xunta Electoral do Centro.



Noia, 16 de outubro de 2024

A directora

Assdo. Miriam López González

